

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE APROBA A CONVOCATORIA DE 5 PRAZAS E BOLSAS DESTINADAS A ESTUDANTES DE ENXEÑARÍAS PARA REALIZAR ESTADÍAS NO CURSO 2025-2026, NO CADRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O *GLOBAL EDUCATION: EXCHANGE FOR ENGINEERS AND ENTREPRENEURS (GE4)*

Global Education: Exchanges for Engineers and Entrepreneurs, en adiante GE4, é unha rede de universidades que ten como obxectivo promover os intercambios de excelencia de estudantes e docentes no ámbito da enxeñaría. A Universidade de Vigo é unha institución membro do GE4.

No marco desta rede efectúanse intercambios de estudantes en réxime de reciprocidade coas distintas universidades que forman parte da rede GE4. Nesta convocatoria ofértanse 5 prazas para o curso 2025-2026, 3 para o primeiro cuadrimestre e 2 para o segundo cuadrimestre. A Universidade de Vigo poderá recibir estudantes das universidades do GE4 para cursar un período de estudos. A Universidade de Vigo recoñece os estudos desenvolvidos no marco deste programa polo seu estudiantado mediante a elaboración dun contrato de estudos.

En virtude deste convenio de colaboración co GE4 e vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento, en virtude das facultades que lle outorga a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, 3 prazas para cursar o primeiro cuadrimestre e 2 prazas para cursar o segundo cuadrimestre do curso 2025-2026 nas universidades participantes na rede GE4 e que se relacionan no [anexo III](#). As prazas concedidas no primeiro cuadrimestre poderán ser obxecto de prórroga de haber dispoñibilidade de prazas, sen dotación económica adicional.
2. Convocar as axudas e as bolsas complementarias que se relacionan no anexo II desta convocatoria e que se resolverán nunha segunda fase, tras a publicación da adxudicación das prazas e tras a sinatura dos convenios correspondentes coas diferentes entidades que financian as axudas.
3. Ordenar a publicación desta convocatoria e das bases que a regulan no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#) e no [Portal de bolsas](#) da páxina web da Universidade de Vigo.
4. Aplicar a este procedemento a tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos, debido aos prazos establecidos polo GE4.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño). Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Vigo, na data da sinatura electrónica
O REITOR,
Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INTERCAMBIO ACADÉMICO PARA O CURSO 2025-2026 NO MARCO DO PROGRAMA GE4

1. OBXECTO

Ofrecer ao estudiantado da Universidade de Vigo matriculado nas escolas de enxeñaría a posibilidade de cursar estudos nalgunha das universidades membros da rede GE4 durante o curso académico 2025-2026 cos seguintes obxectivos:

- Promover a empregabilidade, a inclusión social, o compromiso cívico, a innovación e a sustentabilidade medioambiental dentro de Europa e fóra dela.
- Propiciar que todo o estudiantado de todos os ámbitos poida formarse no estranxeiro como parte dos seus estudos.
- Expor ao estudiantado a distintos puntos de vista, coñecementos, métodos de ensino e investigación e prácticas de traballo no seu campo de estudo dentro do contexto europeo e internacional.
- Desenvolver as súas capacidades transversais (comunicación lingüística, pensamento crítico, resolución de problemas, interculturais e de investigación) e prospectivas (capacidades dixitais e ecolóxicas).
- Facilitar o seu desenvolvemento persoal: adaptación a novas situacións.

2. REQUISITOS

2.1. Requisitos académicos

- a) Estar matriculado/a no curso académico 2024-2025 nalgunha das titulacións oficiais de grao ou de mestrado universitarios que se ofertan nas escolas de enxeñaría da Universidade de Vigo. No caso de estudos de mestrado universitario oficiais, deberán ser titulacións de máis de 60 créditos.
- b) O estudiantado de grao deberá ter superado un mínimo de 48 créditos.
- c) Non ter renunciado, sen motivo xustificado, a unha praza aceptada na convocatoria GE4 do curso anterior.
- d) Non ter gozado dunha bolsa GE4 con anterioridade.
- e) Atendendo ao [Regulamento de mobilidade internacional](#) da Universidade de Vigo, recoméndase a inclusión de 30 créditos ECTS por cuadrimestre e 60 créditos ECTS por estadía anual no contrato de estudos. Os créditos cursados a maiores dos esixidos aparecerán igualmente no Suplemento Europeo ao Título (SET). En todo caso, o número de créditos que se incluírá no acordo de estudos será dun mínimo de 36 créditos ECTS para mobilidades anuais e de 18 créditos ECTS para mobilidades cuadrimestrais. Poderanse incluír menos créditos:
 - a. Se a normativa da universidade de destino impide una matrícula de mais créditos ECTS.
 - b. Se a normativa do centro da Universidade de Vigo o permite.
 - c. Estudiantado con discapacidade recoñecida de máis do 65%.
 - d. Estudiantado con necesidades de apoio educativo adscrito ao programa PIUNE, previo informe favorable da Comisión Técnica de Atención á Diversidade (COATEN).
- f) O estudiantado matriculado en PCEOs rexeráse pola normativa do centro responsable dos programas de intercambio da titulación.

2.2. Requisitos lingüísticos

Acreditar o coñecemento da lingua estranxeira necesaria para cursar estudos nas universidades solicitadas mediante un certificado oficial de nivel B1 ou superior. Só admitiranse certificacións oficiais



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

recoñecidas pola *Asociación de Centros de Linguas en la Enseñanza Superior* (ACLES): [https://www.acles.es/uploads/archivos/Tablas_ACLES/Tablas_de_certificados_reconocidos_por ACLES 2024 07 25.pdf](https://www.acles.es/uploads/archivos/Tablas_ACLES/Tablas_de_certificados_reconocidos_por_ACLES_2024_07_25.pdf)

Quedan eximidos de acreditar o nivel de idioma:

- As persoas graduadas ou licenciadas de titulacións nas que a lingua de instrución, polo menos do 50 % das materias cursadas, coincida co idioma de estudo no centro de destino.
- O estudiantado que aprobou un curso equivalente a cuarto da ESO ou superior en sistemas educativos do idioma de estudo no centro de destino.

Non se aceptarán certificados de lingua castelá ou galega.

3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

3.1. Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes supón a realización da totalidade dos seguintes pasos:

Acceder ao Portal de mobilidades saíntes a través da ligazón:

<https://uvigo.moveon4.de/form/60c38279ac1c46496e1da6e4/glg>

O estudiantado deberá identificarse cos datos de acceso á secretaría virtual.

Unha vez dentro do portal, o estudiantado deberá cumprimentar no apartado “Procedementos abertos” o formulario correspondente á convocatoria GE4 e achegar a documentación requirida no punto 3.2. Documentación.

Só se poderá presentar unha solicitude por estudante, polo que non deberán premer o botón de enviar ata revisar e asegurarse de que os datos introducidos son correctos.

3.2. Documentación requirida

No apartado “Documentos requiridos” do formulario de solicitude, achegarase a seguinte documentación **nun único PDF**:

- [Formulario GE4- Exchange students application form](#)
- Copia de pasaporte ou DNI.
- Escrito en inglés no que se indique a motivación para participar no programa e se mencionen as áreas específicas de estudo ou investigación nas que teña interese (máximo 1 páxina).
- Certificación académica oficial en inglés, que deberá solicitarse na área de grao do centro do/a estudante, indicando que é para a solicitude dunha praza no marco desta convocatoria.
- Unha carta de recomendación en inglés dun/ha docente da Universidade de Vigo.
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua inglesa ou doutro idioma, que sexa a lingua de estudo na universidade de destino, cun nivel mínimo de B1.

Poderá requirirse ás persoas solicitantes a documentación que se precise para a correcta avaliación dos requisitos e méritos alegados.

3.3. Prazo de presentación de solicitudes

Establécense **dous prazos** de presentación de solicitudes:

- **1º prazo de presentación de solicitudes**: estará aberto desde o día seguinte á publicación desta convocatoria **ata ás 23:59 (hora peninsular española) do 22 de xaneiro de 2025**. As mobilidades que se soliciten neste período realizaranse no primeiro cuadrimestre do curso 2025-2026.

- **2º prazo de presentación de solicitudes:** estará aberto do **1 de xuño** convocatoria **ata ás 23:59 (hora peninsular española) do 30 de xuño de 2025**. As mobilidades que se soliciten neste período realizaranse no segundo cuadrimestre do curso 2025-2026.

4. ADMISIÓN DE SOLICITUDES, SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

4.1. Revisión de solicitudes: publicación das listaxes provisórias e prazo de emenda e alegacións
Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase resolución coa **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, sinalando os motivos de exclusión.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante **instancia xenérica (SXER)** dirixida á ORI.

4.2. Revisión de alegacións e publicación da listaxe definitiva

Unha vez revisadas as alegacións, publicarase a resolución coas **listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite e excluídas**.

4.3. Fase de selección: concesión provisional e prazo de alegacións

A selección será efectuada pola comisión de avaliación seguindo os seguintes criterios:

1. Nota media do expediente académico ponderada pola media da titulación: **ata 6 puntos**:
 - a. No primeiro prazo de solicitudes, terase en conta o estado do expediente do estudantado a **30 de setembro de 2024**. No segundo prazo, a **28 de febreiro de 2025**.
 - b. No caso do estudantado de mestrado, terase en conta a nota media ponderada do primeiro ciclo de estudos desde os que se accede á nova titulación (cun peso do 50% do criterio 1) máis a nota media ponderada dos créditos superados na nova titulación (cun peso do 50% do criterio 1).
 - c. Para o estudantado de 1º de mestrado que, no momento da solicitude, non dispoña das cualificacións de todas as materias do 1º cuadrimestre, terase en conta a nota media ponderada do primeiro ciclo de estudos desde os que se accede á nova titulación (cun peso do 100% do criterio 1).
2. Coñecemento acreditado de inglés superior ao nivel B1: ata 2 puntos (1 punto polo nivel B2; 1,5 puntos polo nivel C1; 2 puntos polo nivel C2).
3. Coñecementos doutros idiomas relacionados coas universidades de destino: ata 2 puntos (1 punto polo nivel B1; 1,5 puntos polo nivel B2; 2 puntos polo nivel C1).
4. O estudantado que solicite destinos no que o español sexa a lingua de estudo deberá presentar, de posuílo, unha certificación de lingua inglesa que se computará no proceso de selección. Non se computarán a este efecto os coñecementos de lingua española ou galega.

A comisión de avaliación está composta por:

- Presidenta: Cristina Trillo Yáñez, responsable de Relacións Internacionais da Escola de Enxeñaría Industrial
- Secretaria: Ana María Pérez López, xefa de área da ORI da ORI
- Vogal: Amelia Rodríguez Piña, directora técnica da ORI

Efectuada a selección pola comisión, publicarase unha resolución coa **listaxe provisoria de persoas candidatas seleccionadas e a listaxe de agarda** e abrirase un período de reclamacións de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte desta publicación. Estas reclamacións presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante **instancia xenérica (SXER)** dirixida á ORI.

4.4. Fase de selección: concesión definitiva

A comisión revisará as alegacións e efectuará, a continuación, a selección definitiva. A ORI elevará esta proposta de resolución definitiva de persoas candidatas seleccionadas e en lista de agarda, se procede, á vicerreitoría de Internacionalización para a súa publicación.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 5 meses contados dende o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición contra esta resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

IMPORTANTE: A Universidade de Vigo enviará a documentación do estudantado seleccionado á oficina central do GE4, que será a encargada de facela chegar ás universidades solicitadas para a súa valoración interna e aceptación. A institución de acollida informará ao GE4 e á Universidade de Vigo da admisión ou denegación das solicitudes recibidas. **A praza so estará confirmada unha vez que a Universidade de Vigo reciba por escrito a aceptación da universidade de destino e do GE4.**

5. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas seleccionadas deberán aceptar a praza no prazo de **5 días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte no que reciban a confirmación de aceptación por parte do GE4. De non facelo nese prazo, **entenderase que renuncia a praza**. O documento de aceptación presentarase a través da sede electrónica da UVigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante o procedemento [instancia xenérica \(SXER\)](#) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais (ORI).


6. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

- Comprobar os requisitos específicos da universidade de destino, así como os requisitos lingüísticos que poidan requirirse para estudantado de mobilidade entrante e comprobar que a súa oferta académica se adecúa ao plano de estudos da Universidade de Vigo.
- Unha vez seleccionado/a, enviar ás universidades de destino os formularios de candidatura (*application form*) e toda a documentación requirida no prazo estipulado por estas institucións. A adxudicación da praza de mobilidade por parte da Universidade de Vigo non implica que a persoa seleccionada sexa aceptada automaticamente na institución de destino.
- Matricularse na Universidade de Vigo durante o curso 2025-2026. Non se pagará matrícula na universidade de destino. Non obstante, algunha das universidades de destino poderá esixir ao alumnado algún tipo de taxa en concepto de organización de actividades, material, etc.

➤ ANTES DO INICIO DA ESTADÍA:

- Solicitar a tarxeta sanitaria europea se o destino é europeo e enviar unha copia á ORI, ao enderezo de correo electrónico outgoing.ori@uvigo.gal.
- Tramitar o seu visado, e aboar os gastos se é necesario, e asegurarse das condicións deste sobre todo no caso de estudantes con nacionalidade de países extracomunitarios e sen permiso de residencia permanente en España.

- Contratar un seguro de asistencia en viaxes. A ORI informará sobre as condicións mínimas que debe conter o seguro (repatriación, etc.). Deberán enviar a copia da póliza relativa ao período cuberto polo seguro á ORI, ao enderezo de correo electrónico outgoing.ori@uvigo.gal.
- Elaborar un **contrato de estudos** en colaboración coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro ou da persoa encargada da súa titorización a través da plataforma de xestión da mobilidade. Este contrato deberá elaborarse e ser aceptado antes do inicio do prazo de matrícula para o curso 2025-2026. No caso de modificacións do contrato, estas deberán facerse no primeiro mes do cuadrimestre da estadía na universidade de destino. Se as modificacións inflúen na matrícula efectuada na UVigo no curso 2025-2026, o estudantado ten a obriga de notificalo á área de grao do seu centro na UVigo, unha vez aprobado o contrato polo coordinador/a.
- **AO INICIO DA ESTADÍA:**
 - Solicitar a institución de destino a sinatura da certificación de chegada, conforme ao modelo publicado con esta convocatoria e envialo á ORI, ao enderezo de correo electrónico outgoing.ori@uvigo.gal. O estudantado ten a obriga de conservar o documento orixinal da certificación ata o remate da estadía para que a institución de destino cubra a parte inferior na que certifica a data de finalización da estadía.
 - Manter o contacto e estar localizable tanto polo persoal da ORI como pola persoa responsable de relacións do seu centro e/ou titor/a, que poderán contactar co estudante en calquera momento da súa estadía.
 - Respetar as normas da institución de destino, como da residencia universitaria ou lugar de aloxamento elixido.
 - O estudantado que teña aceptada unha mobilidade para o primeiro cuadrimestre poderá solicitar a ampliación da estadía a curso completo unha vez iniciada a mobilidade. Non conlevará una financiación adicional. Para solicitar a ampliación, a persoa deberá recibir o consentimento por escrito da persoa responsable de relacións internacionais do centro na Universidade de Vigo, da universidade de acollida e comunicarllo á ORI. A ORI confirmará a posibilidade de ampliación se ten a aceptación da secretaría de GE4. O estudantado interesado deberá remitir o formulario asinado por ambas partes á ORI respectando o prazo de **15 de decembro de 2025** como data límite. Se na universidade de destino non asinan dixitalmente, o documento deberá ser asinado de forma manuscrita por todas as partes. Unha vez que se conceda a ampliación, o estudantado tramitará os cambios no contrato de estudos coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro de orixe e comunicaraos á [secretaría de estudantado](#) correspondente. No caso de ampliar o período da estadía, o estudantado deberá comunicalo á aseguradora para ampliar a cobertura do seguro e achegar de novo o comprobante desta ampliación na plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes.
- **AO FINALIZAR A ESTADÍA:**
 - Enviar o certificado de realización da estadía, orixinal e asinado e selado pola universidade de destino sen emendas nin borróns á ORI, ao enderezo de correo electrónico outgoing.ori@uvigo.gal. Este certificado é o único documento que servirá para acreditar a realización efectiva da estadía e a súa duración, polo que as datas de chegada e partida definitivas que consten nel serán as que se terán en conta á hora de xustificar a estadía real.
 - Solicitar na universidade de destino a **certificación académica (Transcript of records -ToR)** orixinal acreditativa dos estudos realizados, que conterá a denominación das correspondentes materias ou actividades, os créditos obtidos e as cualificacións acadadas. Alternativamente, pode solicitar que a universidade de destino a envíe directamente á persoa coordinadora da mobilidade no seu centro. **É responsabilidade do estudantado conseguir esa certificación académica.**



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

7. SINATURA DE DOCUMENTOS

O estudantado deberá dispoñer dun lector de DNI electrónico ou do certificado de persoa física emitido pola Fábrica Nacional de Moneda y Timbre (FNMT) para asinar dixitalmente os documentos ou cumprimentar aqueles trámites que así o requiran. Recoméndase consultar o [manual](#) para a obtención do certificado de persoa física.

8. USO DO CORREO INSTITUCIONAL E CONTACTO COA ORI

O estudantado deberá utilizar sempre o correo do dominio [@uvigo](#) para dirixirse á ORI e seguir as normas de uso de correo electrónico que se publicarán xunto a esta convocatoria no Portal de bolsas. O estudantado deberá dirixirse sempre ao enderezo electrónico outgoing.ori@uvigo.gal para todos os temas relacionados con esta convocatoria e a súa estadía.

9. TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#).

ANEXO II

AXUDAS ECONÓMICAS

Por tratarse dun expediente de tramitación anticipada, a contía total máxima ten carácter estimada e a concesión das bolsas queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas desta convocatoria no exercicio correspondente.

Non poderán obter a condición de beneficiarias da bolsa e das axudas complementarias as persoas nas que concorran algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións como declaran na solicitude de participación nesta convocatoria.

As contías a percibir estarán suxeitas ás retencións estipuladas polas normativas tributarias aplicables.

Tras a publicación da resolución de concesión de prazas e unha vez aceptadas estas polo estudantado seleccionado, a Universidade de Vigo fará públicas as seguintes resolucións de concesión de axudas:

1. BOLSA GE4

A contía da bolsa será de 1.500 € por estadía.

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de **7.500 €** en dúas anualidades para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito:

- En 2025, na aplicación orzamentaria 2025ORI1121DORI482.10 un total de **4.500 €**
- En 2026, na aplicación orzamentaria 2026ORI1121DORI482.10 un total de **3.000 €**

O pago da bolsa efectuarase mediante transferencia bancaria á conta indicada polo estudantado para participar no programa de intercambio e da que deberá ser titular.

O pago desta bolsa efectuarase tras a incorporación do estudantado á universidade de destino, unha vez recibido na ORI o certificado de chegada. O pago realizarase mediante transferencia bancaria á conta indicada polo estudantado da que deberá ser titular.

2. POSIBILIDADE DE BOLSAS COMPLEMENTARIAS

- **BOLSAS DA XUNTA DE GALICIA:** A Xunta de Galicia publicará unha convocatoria de axudas complementarias ao estudantado **matriculado en titulacións de grao** que goza dunha praza de intercambio en **países extracomunitarios**, compatible coa GE4. Queda excluído desta convocatoria o estudantado que xa recibise esta axuda en anteriores convocatorias. A solicitude tramitarase en liña unicamente, polo que o estudantado deberá asegurarse de que dispón dos medios necesarios para presentar a solicitude estando fóra de España (certificado dixital, Chave 365, DNle).
- **BOLSAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA:** Como en anteriores convocatorias, existe a previsión de sinatura dun acordo coa Deputación de Pontevedra que permitirá financiar axudas complementarias ao estudantado Erasmus+ e ao estudantado que goza doutras bolsas internacionais (ISEP, GE4, Bolsas Propias). A Universidade de Vigo fará pública unha resolución de concesión de axudas ao estudantado seleccionado e pertencente aos campus de Pontevedra e Vigo, en virtude da súa condición bolseiro do Ministerio de Educación y Formación Profesional (MEFP) no curso 2024-2025 e por orde de media de expediente ponderada ata esgotar o crédito establecido no convenio.
- **BOLSAS SANTANDER MOBILIDADE INTERNACIONAL NON ERASMUS:** A Universidade de Vigo publicará unha resolución de concesión destas axudas entre o estudantado seleccionado **sen bolsa Erasmus+** para o curso 2025-2026 cos seguintes **requisitos**:

- Ser residente en España.
- Estudantado matriculado no curso 2024-2025 en centros propios e estudantado de titulacións impartidas en centros adscritos de titularidade pública que non se imparten en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro da Universidade de Vigo).
- Ter concedida unha praza no curso 2025-2026 no cadro da presente convocatoria sen dotación Erasmus.
- Estar inscrito na web www.santanderopenacademy.com, na convocatoria “Becas Santander Movilidad Internacional no Erasmus 2025” O prazo de inscrición deberá realizarse entre o 15 de xaneiro e o 30 de abril de 2025.
- No caso do programa GE4 só poderá ser obxecto da axuda o estudantado seleccionado na primeira fase.

As axudas consistirán en **20 bolsas de 1.500 €** cada unha.

A selección realizarase baseándose na media do expediente ponderada a 28 de febreiro de 2025. Os fondos destinados a esta axuda complementaria irán con cargo á aplicación orzamentaria 2025ORI1121DORI482.10 e o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 30.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

Publicarase a partir do mes de maio de 2025 unha resolución coas listas provisorias de bolsas concedidas e de agarda para o caso de que se produzan renuncias. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 10 días hábiles a través da sede electrónica da Universidade de Vigo.

Transcorrido o prazo, publicarase a resolución coas listas definitivas de bolsas concedidas e de agarda.

O estudantado beneficiario deberá aceptar a bolsa na plataforma do Santander.

O pago desta bolsa efectuarase tras a incorporación do estudantado á universidade de destino, unha vez recibido na ORI o certificado de chegada. O pago realizarase mediante transferencia bancaria á conta indicada polo estudantado da que deberá ser titular

3. RENUNCIA

Se o a persoa beneficiaria quere renunciar ás axudas económicas concedidas ou a unha parte delas deberá comunicalo ao enderezo outgoing.ori@uvigo.gal da ORI, onde lle indicarán os trámites a seguir segundo o tipo de axuda.

4. INCOMPATIBILIDADES DAS AXUDAS

A bolsa GE4 é compatible coa bolsas do MEFP e con calquera outra bolsa ou axuda obtida para a realización da mobilidade e, en concreto, coas bolsas complementarias a esta axuda para realizar estadias en países participantes na rede, mencionadas no punto 2 deste anexo II (bolsa de axudas complementarias da Xunta de Galicia e bolsas das Deputacións de Pontevedra).

A bolsa é incompatible para o estudantado internacional ou nacional que está cursando estudos na Universidade de Vigo no cadro dun programa de intercambio.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

5. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións que lles sexan de aplicación.

6. REINTEGRO DA AXUDA E PERDA DO DEREITO DE COBRO

A revogación da concesión desta bolsa ou a declaración da perda do dereito de cobro suporán o reintegro das cantidades xa aboadas por parte da persoa beneficiaria polos seguintes motivos:

- Non realizar a estadía de mobilidade prevista.
- Non cumprir cos requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Non cumprir coas obrigas das universidades de destino ou non ter realizado ningún exame na universidade de destino sen a debida xustificación.
- Incurrir nas incompatibilidades establecidas nesta convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Perder a condición de universitario/a, durante todo o período de goce da bolsa.

ANEXO III

Universidades participantes en GE4

Universities - GE4 Network

EUROPA
Ecole Nationale Supérieure de Mécanique et d'Aérotechnique (ENSMA), Poitiers
École Nationale Supérieure de Techniques Avancées Bretagne (ENSTA) Bretagne
IMT Mines Albi
Ecole Supérieure De Chimie Physique Électronique de Lyon, (CPE) Lyon
EPF, Ecole d'Ingénieurs, Sceaux
Institut Supérieur d'Electronique de Paris (ISEP)
Friedrich-Alexander-Universität
Hochschule Pforzheim University
Universität Stuttgart
Berlin University of Applied Sciences
HTW Dresden.
Università degli Studi di Trento
AMÉRICA LATINA
Facultad de Ingeniería del Ejército_ Universidad de la Defensa Nacional (FIE – UNDEF)
Universidad Católica Argentina, Buenos Aires
Universidad Nacional de Gral San Martin (UNSAM),Buenos Aires
Universidad Tecnológica Nacional, Buenos Aires
Pontificia Universidade Catolica do Rio de Janeiro (PUC), Rio de Janeiro
Universidade de São Paulo
Universidade Federal do Minas Gerais (UFMG) Belo Horizonte
Universidade Federal de Santa Catarina - UFSC
Universidad de Chile, Santiago de Chile
Universidad Autónoma de Chihuahua
Universidad Popular Autónoma del Estado de Puebla
SIA
De La Salle University
Institut Teknologi Sepuluh Nopember (ITS) Surabaya
Mindanao State University-Iligan institute of Technology
Saint Louis University
Universiti Teknologi Malaysia
University Sains Malaysia
Universiti Malaya
Universiti Teknologi Petronas
The Hong Kong Polytechnic University
University of Electronic Science and Technology of China